

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 29 DE ABRIL DE 2010

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e nove de abril de dous mil dez, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, dona M^a Ángeles Míguez Mouzo e don José Francisco Parceros Rial, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do PG (GM); e dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita.

Non asiste, con escusa, don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona Verónica María Otero López, como secretaria accidental da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 25 de marzo de 2010, sesión extraordinaria do día 14 de abril de 2010 e sesión extraordinaria do día 19 de abril de 2010

O Sr. presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 25 de marzo de 2010, sesión extraordinaria do día 14 de abril de 2010 e sesión extraordinaria do día 19 de abril de 2010.

Non se formulan alegacións polo que, a corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou os citados borradores.

2º Comparecencia e solicitude á Excma. Deputación provincial da Coruña de que o Servizo de Asistencia Xurídica a Municipios se faga cargo da defensa xudicial no recurso contencioso-administrativo número 0015110/2010

Vista a proposta de Alcaldía de data 20 de abril de 2010.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego de data 27 de abril de 2010.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo vai manter o voto a prol emitido na comisión informativa, pero gustaríalles saber se hai algunha novidade sobre a suspensión que tiña solicitado Vodafone.

O Sr. alcalde contesta que ata agora nada.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Comparecer no procedemento citado, procedemento ordinario 0015110/2010, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do contencioso administrativo sección 4 da Coruña, exercitando este Concello a súa defensa como parte demandada, encomendando tal defensa e representación ao letrado-asesor xurídico da Excma. Deputación Provincial da Coruña don Ramón Valentín López Rey, ou calquera outro letrado adscrito á dita Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988.

Segundo: Facultar ao señor Alcalde para levar a cabo cantos actos sexan necesarios en orde á execución deste acordo.

Terceiro: Comunicar a presente designación ao letrado mencionado e facilitarlle cantos antecedentes e documentación sexan necesarios para os fins indicados.

Cuarto: Remitir o expediente administrativo referido ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do contencioso administrativo, Sección 4 da Coruña. Notificar o presente acordo de remisión do expediente á Excma. Deputación Provincial da Coruña.

3º Aprobación, se procede, das bases da convocatoria pública de bolsas para deportistas de Cambre durante 2010

Vista a proposta de Alcaldía de data 20 de abril de 2010.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego de data 27 de abril de 2010.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que o seu grupo vai cambiar o voto emitido na comisión informativa e van votar a prol da proposta.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel do Concello de Cambre durante 2010, que se achegan como anexo I.

Segundo: Aprobar os modelos normalizados de solicitude e xustificación da convocatória pública de bolsas para deportistas de nivel do Concello de Cambre durante 2010, que se achegan como anexo II e anexo III respectivamente.

Terceiro: Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello, así como darlle publicidade aos mesmos mediante anuncio nun dos xornais de maior tirada da provincia.

4º Aprobación, se procede, das bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2010

Vista a proposta de Alcaldía de data 13 de abril de 2010.

Visto o ditame favorable emitido en sesión conxunta pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego, e Comisión Informativa de Transportes, Mobilidade, Patrimonio, Cultura e Contratación, de data 27 de abril de 2010.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que neste caso o seu grupo tamén vai cambiar o voto emitido na comisión informativa e van votar a prol da proposta.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU, e abstéñense o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A corporación, por dezaoito votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2010, que se achegan como anexo I.

Segundo: Aprobar os modelos normalizados de solicitude, xustificación e cartel demostrativo da difusión da contribución do Concello ás actividades, e que se achegan como anexos II, III e IV respectivamente.

Terceiro: Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e comunicar, mediante cartas personalizadas, a todas as asociacións inscritas no Rexistro Municipal a publicación destas bases.

5º Cesión gratuíta dunha parcela á Consellería de Sanidade, Servizo Galego de Saúde, para a construción dun centro de saúde

Vista a proposta de Alcaldía de data 23 de abril de 2010.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Seguridade Cidadá de data 27 de abril de 2010.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que ao seu grupo gustaríalle que explicasen un pouco o motivo de que se teña atrasado tanto a cesión.

O Sr. alcalde contesta que o atraso produciuse porque pensaban que a parcela que lindaba coa rúa era toda de propiedade municipal, pero cando foron a escriturala déronse conta que había un triángulo que pertencía a unha parcela que estaba ao outro lado da rúa. Os seus propietarios tiveron que rexistrala e despois cedela ao concello, porque aínda que cedían a parcela igual, tiñan cinco ou seis metros nun terreo privado que o día que fixeran a fachada quedaba a escuras. Ese foi o motivo de compralo para que a fachada o día de mañá quede toda dando á rúa.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre di que eles o preguntan porque hai un ano saiu en prensa unha foto do Sr. alcalde e do seu primeiro tenente de alcalde. Era unha noticia na que se aseguraba que os terreos xa estaban a disposición da Xunta, e o que parece é que nese momento, hai un ano, os terreos non estaban a disposición da Xunta, van a estalo agora.

O Sr. alcalde di que si estaban, que o que non estaba era ese trozo.

Don Felipe Andreu Barallobre di que o que agora se vai ceder son os 1291,67 metros.

O Sr. alcalde contesta que a cesión estaba feita.

O concelleiro do PP manifesta que el o di porque isto parece unha práctica habitual, porque, por exemplo, hai aproximadamente dous anos o concelleiro de Educación dixo que a parcela para o novo colexio estaría dispoñible en decembro de 2008.....

O Sr. alcalde dille que agora están falando do centro de saúde, e que o Sr. concelleiro pode seguir falando se fala do centro de saúde.

Don Felipe Andreu Barallobre expón que estaba falando da xestión municipal nun tema moi similar a este, no que parece que xa é unha práctica habitual. Eles entenden que os veciños teñen que saber exactamente o que está pasando. No ano 2009 volveron dicir que esa parcela xa estaba a disposición da Xunta e agora resulta que hoxe sae na prensa que a parcela pode ser que se pague o día 19 de maio. Parece que é unha práctica habitual deste concello sacar 4 ou 5 fotos por un mesmo asunto, cando en realidade as cousas se fan con bastante atraso.

Conclúe dicindo que, de todas formas, eles van votar a prol, porque como tamén se publicou onte na prensa, a Xunta xa ten a partida orzamentaria para levar a cabo esta obra, unha obra moi necesaria. Aínda hoxe se teñen enterado de que un ATS do Graxal ten, só para el, 1700 habitantes. Parécelles moi importante este tema e lamentan que non se teña feito xa hai tempo.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Cualificar como ben patrimonial a parcela de propiedade municipal de 47 m² sita no Temple, que linda ao norte coa parcela de equipamento público, ao leste coa parcela de equipamento público, ao sur co resto de finca matriz (rúa Francisco Añón) e ao oeste coa parcela de equipamento público, inscrita a nome do Concello de Cambre no Rexistro da Propiedade número 5 da Coruña no libro 492, folio 129, finca 34433, e que está cualificada como solo de equipamento de interese público e social.

Segundo: Ceder gratuitamente a finca agrupada de 1291,67m² que linda: norte, coa vía peonil; sur, coa rúa Francisco Añón; leste, coa prolongación da rúa Abeleira; e oeste, con terreno propiedade do concello.

Terceiro: Expoñer o expediente a información pública polo prazo de quince días no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello para os efectos de presentar alegacións, isto de conformidade co artigo 110.1.f) do Real decreto 1.372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais. No suposto de que non se presenten alegacións, entenderase elevado a definitivo o acordo adoptado.

6º Mocións

Non se presentaron mocións por escrito.

7º Informes da Alcaldía

De orde do Sr. presidente, dáse conta pola secretaria accidental da corporación dos seguintes asuntos:

- Do escrito presentado polos concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistrado de entrada ao núm. 4849 o día 9 de abril de 2010, no que designan como voceiro titular a don Jaime Manuel López Lisnier e como voceira suplente a dona Erundina Prado Arcay.

- Da Resolución do concelleiro de Obras e Servizos, Medio Ambiente, Participación Cidadá e Turismo núm. 916, de data 27 de abril de 2010, que consta da seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Aprobar a transferencia de 9304,98 euros, recadados a través da Conta de Emerxencia aberta polo Concello de Cambre en RA nº 32 do 19 de xaneiro de 2010 en Caixa Galicia con número: 2091-0048-97-3110000069, á Conta de Emerxencia do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade de Caixa Galicia con número: 2091-0209-10-3040019000 recabando da entidade información fidedigna sobre o destino dos fondos recadados.

Segundo: Cancelar a conta bancaria aberta polo Concello de Cambre en RA nº 32 do 19 de xaneiro de 2010 en Caixa Galicia con número: 2091-0048-97-3110000069

Terceiro: Comunicar a resolución aos servizos económicos para os efectos oportunos.

Cuarto: Dar conta ao pleno da corporación, na primeira sesión ordinaria que celebre.

8º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 5897 o día 26 de abril de 2010.

1º Rogamos se nos informe do motivo polo que se puxo en funcionamento a variante de Fraís ao Espíritu Santo, en Cecebre, sen dotala da sinalización necesaria.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que el cre que todo o mundo sabe, e quen fai a pregunta tamén o debe saber, que a obra non é unha obra municipal, é unha obra que promove a Deputación provincial, nunha estrada provincial. Supón que o que todos querían era que unha vez rematado, polo menos o fundamental da estrada, se puxese en servizo. Lembra as innumerables veces en que o propio PP lles fixo requirimentos, aínda que non son os promotores da obra, senón demandantes dela, para que iso se rematara. E, efectivamente, o último prazo do que faláron no pasado pleno, esta vez cumpriuse escrupulosamente, o que é algo para que todos se aleden.

Di que a estrada está rematada, a plataforma está rematada, a sinalización horizontal está toda completada e da sinalización vertical, dado que están en contacto permanente coa dirección de obra que pertence á Deputación, saben que ten carácter provisional. Colocáronse sinais verticais provisionais e poranse os definitivos nos próximos días, de maior tamaño, e probablemente completárase con algún máis de limitación de velocidade, segundo figuraba no proxecto, pero para os técnicos da Deputación, que son os que dirixen a obra e os promotores, a obra está perfectamente lista para o seu funcionamento.

Continúa explicando que, ademais, ante a apertura ao tránsito, por petición do Concello de Cambre van facer algunha pequena modificación para mellorar cuestións de seguridade. En concreto, no entronque coa antiga estrada en Lendoiro, váise asfaltar un pequeno triángulo para que a viraxe á dereita, cando se vai pola nova para ir á antiga estrada, non sexa tan complicado. Di que iso van facelo, supón que nos próximos días, e o que é máis importante, mentres non se poñan de acordo Xunta de Galicia e Deputación provincial para solucionar o da rotonda, ao que se comprometeron foi a ampliar a boca de saída á AC-214, á estrada autonómica, de xeito que en vez de ser perpendicular, tal e como está agora en ángulo recto, teña unha pequena apertura para que fundamentalmente vehículos grandes non teñan necesidade de invadir outros carrís ao virar.

Conclúe dicindo que todo iso estase facendo e, dende logo, para eles foi unha auténtica alegría que esta vez se cumprira o prazo.

Dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, agradece a contestación, pero sinala que o que realmente falla é na estrada xeral, para entrar nesa vía, sen ningún tipo de sinalización. Os coches que saen da vía incorpóranse na estrada xeral, e a maleza impídelles ver aos coches que veñen do outro lado, o cal é perigosísimo, por iso agradecerían que o concello faga as xestións necesarias para solucionar ese tipo de problemas.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que esas xestións xa están feitas, e que teñen enviado por escrito e teñen comunicado verbalmente, tanto á Xunta como á Deputación, o problema que hai co entronque. Hai un compromiso da Deputación de poñerse eles en contacto directamente coa Xunta de Galicia para solucionar esa cuestión. Quere volver dicir que o Concello de Cambre é usuario desa vía, é a administración que ten que estar preocupada por ser a máis próxima, pero os promotores son dúas administracións que non son o Concello de Cambre. Hai un compromiso de que se van intentar poñer de acordo, polo menos polo lado da Deputación, e agardan que polo lado da Xunta tamén se faga.

2º Rogamos se nos informe do estado no que se atopa o desenvolvemento das distintas parcelas lindadeiras co polígono de Espírito Santo, para a dotación de maior superficie industrial ao concello.

O Sr. alcalde pregunta se se refiren ás parcelas do SEPES ou as que están arriba e abaixo.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, contesta que se refiren ás de arriba e abaixo.

O Sr. alcalde di que nese caso, e respecto das que hai ao principio, hai un estudo presentado, xa ten o informe favorable da comunidade autónoma, e estase tramitando agora a autorización para a súa aprobación. Das de arriba o que saben é que está a empresa privada traballando, pero aínda non presentaron nada no concello. En canto ao trozo que está subindo á dereita, onde estaban as telleiras, que era do SEPES, están desenvolvendo un plan parcial.

Dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, pregunta entón se están en trámites.

O Sr. alcalde di que si, que a parte de abaixo, a primeira, xa se presentou no concello e xa ten o informe da Xunta, e que cando queiran poden consultalo, que o ten o xefe da área de Urbanismo.

Don Felipe Andreu Barallobre pregunta se o SEPES xa presentou algo.

O Sr. alcalde cre que presentou un estudo, pero que estivo medio parado ou algo así. En todo caso, di que a información tena o xefe da área de Urbanismo.

3º Os veciños de Sigrás están utilizando o campo da festa como zona de xogos dos nenos ao carecer a parroquia de parques infantís. Rogamos se nos informe das xestións que realizou o goberno local para dotar a Sigrás dunha zona de xogos adaptada para os menores.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que neste momento non existe nos plans de obras que teñen ningunha previsión de facer un parque infantil alí, pero que de todas maneiras, unha vez aprobado o orzamento municipal, coas partidas que teñan en vigor, estudarán a posibilidade de dotar algunha zona desa parroquia das instalacións.

Don Santiago Manuel Ríos Rama, concelleiro do PP, manifesta que, aínda que non se adapte a zona como un parque, o que si poderían é acondicionar un pouco o campo da festa, porque está sendo utilizado por nais, avoas, rapaces que veñen do colexio, tanto en fins de semana como durante a semana.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que a pregunta facía referencia a un parque infantil, e esa é unha cuestión que está reglada, que ten que ter unha homologación, unhas determinadas características. Iso é o que dixo que non está en previsión agora mesmo facelo, non está en ningún dos plans que teñen en marcha, pero estudarán o tema unha vez que teñan aprobado o orzamento.

En canto á mellora do lugar, como de calquera outro, non hai ningún problema por estudalo, e de feito vaise facer. Hai algunhas peticións nese sentido, e é unha das cuestións que teñen en carteira, pero non como parque infantil, senón como mellora dos espazos urbanos. Di que iso vaise facer, e cre que todo o mundo entende que o primeiro que teñen que ter é o instrumento económico para poder facer cousas, ter o diñeiro, ter o orzamento aprobado, e a partir de aí, falarán.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 5869 o día 26 de abril de 2010, xunto coas preguntas.

1º Nos últimos tempos ven sucedendo un aumento de accidentes nas nosas estradas. Son moitos os factores que inciden na seguridade viaria e nos accidentes de tráfico; uns imputables aos condutores/as: velocidade, incumprimento das normas, distracción, etc., e outros imputables aos poderes públicos: estado das estradas, sinalización, etc.

De todos é sabido que a titularidade das principais estradas do noso termo municipal depende na súa maioría do Goberno central, Xunta de Galicia ou Deputación provincial.

Tendo en conta que o aumento de accidentes fai necesario tomar medidas urxentes.

Por isto:

O noso grupo prega se nos informe das decisións tomadas en relación co asunto, e se o ten posto en coñecemento das administracións responsables das estradas co fin de eliminar os problemas.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que, tendo en conta o aumento do número de accidentes, os datos, non as estimacións nin as suposicións, que ten aprobado a Policía municipal, resulta que teñen un punto negro moi complicado agora mesmo en Cambre, que é na estrada Cambre-Temple, na estrada provincial 1706, á altura das curvas de Molduras, de feito, tanto é así, que o concello tense posto en contacto coa Deputación en moitas ocasións, de maneira formal, e nos vindeiros días, probablemente a semana que vén, e se non é a semana que vén é a seguinte, vaise cambiar toda a capa de rodadura desa estrada, porque está en moi mal estado e produce saídas da estrada, esvaróns. É un mal firme que se vai cambiar. Iso vaise solucionar e ese é o único punto que se ten detectado como un lugar onde hai confluencia e concorrencia de accidentes recorrentes.

Hai outros sitios que son complicados para o tráfico, nos que pode haber accidentes nalgunha ocasión, moitos deles están pendentes de proxectos para solucionalos, por exemplo, no cruzamento da Rocha hai un proxecto aprobado e hai un procedemento de expropiación iniciado, e está pendente de executar polo Ministerio de Fomento. Di que hai algún máis, como do que falaron antes na AC-214 coa estrada de Lendoiro, coa nova, que tamén é un punto que é necesario mellorar.

A maiores di que se produciron dous accidentes seguidos por atropelo no mesmo centro de Cambre. Os servizos técnicos indicáronlles que ese paso de peóns está conforme á normativa, sinalizado e con todas as medidas de protección, pero aínda así optaron por eliminar dúas prazas de aparcamento, unha a cada lado, pode que esta semana estea xa pintado o reservado para mellorar a visibilidade. Efectivamente non vale conformarse só con que se cumpran as estipulacións da normativa, ás veces hai que ir un pouquiño máis alá para que non se produzan esas situacións.

Di que iso é o que están facendo e que a maiores teñen un proxecto, que está condicionado á aprobación dos orzamentos, para mellorar a sinalización e a visibilidade dos pasos de peóns na estrada que vai ao Temple, no Paraugas, e de feito vaise cambiar o paso de diante do colexio de Porto Faro cara ao edificio novo que está en construción, vaise poñer alí porque lles parece moito máis seguro.

Conclúe dicindo que ese é un pouco o plan de traballo que teñen agora mesmo.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que, efectivamente, ás veces non abonda con cumprir co que manda a normativa, senón que hai que ir un pouco máis lonxe. É certo que en Cambre se eliminaron esas dúas prazas de aparcamento, e que el pensa que é necesario para que polo menos haxa unha mellor visibilidade, pero que ese feito pensa que se debería de producir noutros sitios tamén, por exemplo na estrada Cambre-Temple que mencionou o Sr. Iglesias, e tamén no Temple se podería facer iso mesmo. Ás veces vale a pena eliminar un par de prazas de aparcamento e velar pola seguridade dos cidadáns.

Respecto da estrada autonómica tamén na zona de Catro Camiños en Pravio, xa eles unha vez trouxeron este asunto a un pleno. Cre que, no que é na rotonda, procederían algúns pasos de cebra, polo menos é o que demanda a xente, por iso preguntou se se puxera en coñecemento da Xunta de Galicia e da Deputación, porque conflúen dúas estradas e dúas administracións distintas, pero cre que alí tamén se podería intentar poñer máis pasos de peóns.

Di que tamén lle gustaría que lle facilitasen o informe da Policía Local ao que se fixo referencia, porque antes viña sendo habitual que se lles entregase unha copia, e agora levan cre que un par de anos sen que lles informen da memoria anual da Policía local. Pensa que os concelleiros da oposición teñen ese dereito, é certo que poderían pedilo por escrito, pero antes se lles entregaba sen pedilo.

Conclúe dicindo que no tema da seguridade todas as medidas que se tomen son poucas e que se alegra de se teña posto en coñecemento das distintas autoridades con competencia no tema, para que se solucionen esas cousas e haxa maior seguridade viaria.

2º Segundo información nos medios de comunicación, o Ministerio de Fomento licitou as obras de supresión de tres pasos a nivel no concello, sen atender ás alegacións efectuadas dende o goberno local, causando ademais a conseguinte preocupación e incerteza nos afectados.

O noso grupo prega se nos informe da situación actual do problema, e das medidas adoptadas.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que o goberno local tamén se sorprendeu polas noticias que apareceron da licitación da obra sen ter recibido a contestación ás alegacións que presentaron. Di que se puxeron inmediatamente en contacto co organismo xestor, primeiro a través do Ministerio de Fomento e despois con ADIF e, en contestación verbal, non a teñen por escrito, o que se lles dixo foi que eles teñen un procedemento en marcha, que tiñan que continuar, e que por iso seguían dando os pasos para a contratación da actuación pero que, en calquera caso, o que ían facer era contestar ás alegacións que presentaron tanto veciños como o propio concello e que

nestes casos é política de ADIF, ir sempre da man tanto dos afectados ou usuarios da zona, como dos propios concellos, e que se poñerían en contacto co concello unha vez contestaran a esas alegacións para consensuar a solución a adoptar. Di que iso é no que están e que é probable que, no caso de chegar a un acordo sobre o tipo de paso que se queira facer nesa zona, teñan que traer a unha declaración plenaria, a un acordo plenario, a proposta consensuada con ADIF para que a executen. Di que iso é o que lles dixeron e están á espera de que se poñan en contacto con eles e que contesten ás alegacións.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que respecto deste tema hai unha serie de veciños afectados por un paso a nivel que van a suprimir, como é o paso de Cela, que é un paso que non está suprimido de todo porque a xente o segue utilizando como hai moitísimos anos. Agora parece ser que ese paso queda eliminado, e os veciños de Cela, sobre todo os do núcleo da Ponte, van ter que andar aproximadamente un quilómetro para desprazarse ao núcleo parroquial, ao centro de Cela, por unhas estradas que non teñen beirarrúas, nin teñen nada. El non sabe se neste caso se ten previsto facer algún tipo de acción encamiñada a que se faga un paso subterráneo, ou polo menos solucionarlle aos veciños de Cela que dende a Ponte se teñen que desprazar ao centro parroquial, por estradas sen beirarrúas, bastante complicadas de tráfico, e outra delas moi estreita. Pregunta se hai algo previsto nese sentido.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que non hai nada previsto. A alegación que presentou o concello, da que lles entregou copia, ía fundamentalmente dirixida á estrada que baixa por Socampo para conectar con Meixigo, no sentido de cambiar ese paso elevado que propoñían no proxecto ADIF por un paso subterráneo por debaixo da vía, pero con respecto aos outros non se fixeron alegacións, non se recibiron tampouco nin propostas nin presións dos veciños, e non lles pareceu tampouco que fora unha prioridade. Di que o que é evidente é que o paso de peóns de Cela xa levaba condenado para o tránsito de vehículos dende hai moitísimos anos, efectivamente o utilizaba a xente a pé, pero as vías do tren non se poden utilizar e ADIF está pechando como medida de seguridade o poder atravesar as vías do tren nos núcleos en todas partes, medida que é lóxica, ademais.

Conclúe dicindo que non se presentou ningunha alegación nese sentido.

Don Luis Miguel Taibo Casás explica que el o dixo porque, efectivamente, pensa que ese paso haberá que eliminalo, porque é un perigo, pero por outra parte tamén hai que pensar nos veciños que teñen que desprazarse por unhas estradas que tamén son inseguras. Hai que ter en conta o problema que vai vir despois da supresión do paso, é un problema engadido.

3º Ante as noticias sobre alternativas sobre a conexión do Tren de alta velocidade Coruña-Ferrol, mediante un tunel submarino anunciadas polo grupo Ártabros.

Pregamos ao goberno nos informe se ten coñecemento do proxecto proposto por este colectivo.

O Sr. alcalde contesta que o que teñen é unha chamada de técnicos dese grupo para vir ao concello a ter unha reunión, para presentar o proxecto. Di que o día que saiba que veñen avisará a todos os grupos para velo.

Rogos do GM (PG) presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 5878 o día 26 de abril de 2010.

1º Rogo se informe das novidades sobre o trazado do AVE.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), explica que este rogo xa o fixo no pleno pasado, pero que non estaba presente o Sr. alcalde, e di que facía referencia á reunión que tiveron os alcaldes.

O Sr. alcalde contesta que, efectivamente, tiveron unha reunión en Santiago onde estiveron presentes técnicos do Ministerio e o director xeral de Transportes da Xunta. Di que quedaron en traballar nas alternativas, nas variantes que tiñan. Non eliminan a variante da que se falou que ía por Carral. Van facer un estudo das tres zonas que tiñan máis amplo, a unha escala máis grande. Unha vez que estea elaborado un pequeno estudo, vanse reunir na Consellería, onde van citar a todos os concellos afectados, e pasaranlles unha copia. Iso é o que hai, vaise tramitar a través da Dirección Xeral de Transportes.

2º Rogo se instale algún banco no Souto, na parroquia de Sigrás (concretamente arredor da pista polideportiva).

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que este rogo xa tivo máis ou menos unha explicación a través do rogo que fixo o PP, e como xa se dixo que neste momento non está previsto un parque, que polo menos instalen uns bancos, para que as persoas maiores que están alí cos nenos mentres xogan teñan onde sentarse. Di que fala da zona onde está a pista polideportiva, onde se fai a festa en Sigrás, e pide que se poñan tres ou catro bancos para que a xente teña onde sentarse.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que, como xa dixo antes, unha cousa é un parque infantil homologado e outra cousa é mellorar o espazo urbano. Iso si que se vai mirar, e farán unha pequena actuación para mellorar a zona.

A continuación, don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), di que o último rogo que presentou xa é o terceiro mes seguido que vén, pero xa dixo que ía repetilos mentres se lle dean contestacións que logo non se cumpren.

3º Rogo se informe das xestións feitas polo goberno municipal para solucionar os problemas que teñen as distintas redes do saneamento instaladas nas parroquias, para que poidan ser usadas polos veciños.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que se ratifica nas explicacións que deu nos plenos de febreiro e marzo sobre este asunto, e incluso cre que en xaneiro tamén algo se comentara. A maiores pode dicir que a obra do POS 2007, que son os saneamentos en San Lourenzo, no Drozo-Anceis, e en Piñeiro-Lema están xa practicamente ultimados, quedan practicamente só os bombeos por executar, e despois a reposición do asfalto. Tamén a maiores sobre o que contestou o mes pasado, en que estaban a voltas co tema dos caudalímetros e co problema da contratación con Fenosa, xa conseguiron que Fenosa lles dera o número de identificación de subministración necesario para poder facer a contratación, e están xa no procedemento de contratación con eles. Supoñen que no prazo destes días xa se formalizará o contrato con Fenosa, e dos tres que faltan por poñer en servizo, poderán empezar a funcionar de maneira inmediata.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el se refería a que o Sr. Iglesias quedara en darlle unha relación de todas as xestións e de todas esas cousas, unha relación que o Sr. concelleiro dixo que pensaba que xa lle dera, despois foi que non, e entón díxolle outra vez que lla ía dar, e aínda non lla deu, por iso pregunta.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo explica que pensaba que xa a tiña, pero se non é así, que lla entregará.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 5898 o día 26 de abril de 2010.

1ª Hai poucas semanas a prensa fíxose eco dunha sentenza dos xulgados do contencioso-administrativo na que se aseguraba que se tiñan producido inxerencias políticas no labor dos funcionarios e na actuación dos Servizos Sociais. Pode o goberno local informarnos ao respecto?

Dona Carmen Tato Lago manifesta que, en primeiro lugar, quere dicir que iso é falso, que non existe ningunha sentenza na que se diga que nin os funcionarios nin os Servizos Sociais estean cometendo inxerencias políticas. Simplemente existe unha sentenza relativa a un funcionario que naquel momento traballaba en Servizos Sociais, que o ano pasado presentou unha demanda no xulgado do contencioso-administrativo porque non

estaba de acordo cunha sanción de apercibimento que se lle tiña imposto. Agora o que saíu foi o fallo anulando e revocando esa sanción. Iso é o único que existe, e insiste en que nos Servizos Sociais, nin os funcionarios, nin os propios Servizos Sociais están sendo para nada acusados por ningunha sentenza de estar acometendo inxerencias políticas. Di que os Servizos Sociais funcionan perfectamente, e para exemplo suxírelle á voceira do PP que fale coa súa compañeira de partido, dona M^a Jesús Vieites, que é a persoa coa que dende o seu departamento, día a día, teñen contacto, é a persoa que vai cos cidadáns, acompañándoos, que vai informarse dos programas que existen, e que está en contacto diario cos Servizos Sociais, polo tanto di que lle rogaría que tivese un pouco máis de comunicación coa súa compañeira do PP, que é a que si pode dicir que se interesa no funcionamento, e que é perfecto.

Dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, agradece a contestación, pero sinala que a comunicación entre os membros do seu grupo é a suficiente. En todo caso, pregunta se o que está a dicir a Sra. concelleira do grupo de goberno é que en prensa estaban mentindo cando dixeron o que dicía a sentenza.

Dona Carmen Tato Lago contesta que si, que está mentindo a prensa, e que ela ten a sentenza aí, e que se trata dun funcionario que traballaba nos Servizos Sociais ao que se lle impuxo unha sanción o ano pasado, que el denunciou porque non estaba de acordo e que agora saíu a sentenza dicindo que revocan a sanción de apercibimento que se lle puxo no seu momento, nada máis, iso é o único que hai. Di que, evidentemente, si ten que dicir que está mentindo, neste caso, a prensa.

Dona M^a Jesús González Roel agradece a resposta e di que lle gustaría ler a sentenza, porque é un tema que lles fixo quedar con moitas dúbidas, e que o xornal puido lelo todo o mundo, no só ela.

Dona Carmen Tato Lago contesta que non hai ningún problema e que a sentenza está á súa disposición. Di que os funcionarios traballan perfectamente, son persoas cualificadas, e os Servizos Sociais tamén.

Dona M^a Jesús González Roel di que non lle queda ningunha dúbida de que os funcionarios son profesionais.

Dona Carmen Tato Lago di que na pregunta si tiña esa dúbida.

Dona M^a Jesús González Roel responde que non era así.

2^a O pasado ano, ante as reivindicacións dalgúns funcionarios municipais, o goberno local comprometeuse a elaborar unha nova relación de postos de traballo. Non obstante, transcorrido case un ano dende entón, a relación de postos de traballo non se modificou

e os funcionarios seguen tendo os mesmos problemas que entón. Cal é o motivo de que non se teña proposto unha actualización da relación da RPT ata o momento?

Dona Carmen Tato Lago contesta que na documentación entregada aos voceiros para tratar o cadro de persoal e a RPT deste exercicio 2010, incluíase a acta da mesa de negociación, onde xa figura recollido o compromiso da súa concellería de presentar o organigrama, negociar a RPT, a valoración de postos de traballo (VPT), e posteriormente levar a cabo a negociación do acordo regulador e do convenio colectivo do persoal do concello. Di que se teñen posto a traballar xa e están, como é evidente, comezando pola base, que é facer o organigrama. A continuación virá a valoración de postos e logo a RPT.

Conclúe dicindo que xa están traballando niso.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que el se alegra, pero di que igual que falaron antes de que hai un ano se ían a ceder os terreos do colexio, do centro de saúde, hai un ano neste mesmo pleno o grupo do PSdeG-PSOE, dixo que nese mesmo momento se ían poñer a traballar na RPT. Transcorreu un ano e agora dinlles que se van poñer a traballar.

Dona Carmen Tato Lago manifesta que xa dixo que ela adquiriu o compromiso, e que lles entregou un acta onde así figura, e que agora o concelleiro do PP estalle falando doutro tema.

Don Felipe Andreu Barallobre pregunta ao Sr. presidente se pode terminar coa súa intervención. Di que o PSOE é o que goberna, non sabe se é que outros concelleiros non gobernaban no partido socialista, pero que este partido, que é o que goberna dende o inicio da lexislatura, comprometeuse o ano pasado, no debate dos orzamentos, a iniciar nese momento a reforma da RPT. Pasou un ano, e agora a Sra. concelleira estalle dicindo que se acaban de poñer a traballar na reforma da RPT. Pregunta que teñen feito todo este ano, porque o que vén a dicir é que non se fixo nada.

Dona Carmen Tato Lago contesta que quere dicir que ela lles entregou a todos os voceiros dos grupos a acta da reunión para tratar o tema do cadro de persoal e da RPT deste exercicio. Ela adquiriu o compromiso cos sindicatos para empezar a facer o organigrama, porque é absurdo comezar a facer a RPT cando non teñen un organigrama. Ese é o acordo ao que teñen chegado, e ademais foi o que lle propuxeron os sindicatos, que primeiro hai que facer un organigrama, porque doutra forma non ten lóxica a RPT. Di que niso se está traballando, que xa se entregou para que se comece a facer, e que a continuación se sacará a RPT, a valoración de postos de traballo e a negociación do convenio. Son trámites que hai que facer dende abaixo.

3ª No pasado pleno preguntamos que medidas tiña pensado adoptar o goberno local para paliar a redución de ingresos que se recollía no proxecto de orzamentos. A resposta foi, como sempre, ningunha. Teñen pensado nalgunha medida concreta ao respecto?

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que no pasado pleno o PP non preguntou exactamente que medidas se ían tomar para paliar a redución de ingresos, senón que medidas se tiña pensado adoptar para paliar a sangría recadatoria que se recollía no borrador de orzamentos. É parecido pero distinto, totalmente distinto.

Di que xa nese momento explicou, e ademais discutiuse neste pleno, que para o ano 2010 non se tiñan modificado as tarifas aprobadas nos orzamentos anteriores: impostos, taxas, prezos públicos e demais. Por outra parte, para compensar a redución de ingresos estableceron unhas novas taxas ás empresas de telefonía móbil, e tamén de aproveitamento da vía pública, como é o caso dos caixeiros automáticos. Di que a pesar de que algunhas estean recorridas nun contencioso iso non supón a suspensión automática do procedemento recadatoria das taxas. Agardan que como veñen facendo habitualmente se desestime ese contencioso.

Di que tamén seguen adiante coa vía contencioso-administrativa para acadar a solicitude de compensación dos máis de 800.000 euros correspondente ao IBI dos exercicios 2005 a 2008, deixadas de percibir como consecuencia da bonificación aplicada a prol de “Autopistas del Atlántico”. Tamén van iniciar a reforma para reclamar o IBI pola presa de Cecebre, cuxa titularidade é do Concello da Coruña, o que suporía uns 18.000 euros polos últimos catro anos.

Seguen dicindo que van poñer en marcha un novo programa informático de xestión tributaria, o que lles permitirá un maior control sobre todas as liquidacións que practica o concello e sobre a súa recadación.

Tamén que o Departamento de Servizos está levando a cabo os estudos previos para a redacción dos pregos técnicos para sacar a contratación o servizo municipal de abastecemento de auga, rede de sumidoiros, e depuración de augas residuais. Ese será o momento para a redacción de novas ordenanzas fiscais por esas taxas, que acomoden os ingresos ao custo real do servizo.

Conclúe dicindo que esas son de maneira xeral as medidas que teñen pensado adoptar, nun principio inmediato.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 5869 o día 26 de abril de 2010, xunto cos rogos.

1ª Veciños do Temple mediante un escrito manifestaron ao concello os distintos problemas que se atopa a canella situada nas inmediacións dun centro comercial na rúa Tapia, que como consecuencia da abundante maleza provoca a existencia de alimarias e acumulación de auga, dando sensación de abandono cos prexuizos conseguintes para os veciños/as. Outro dos problemas que denuncian é a abundante vexetación nas cercanías do colexio do Graxal próximo á rúa Álvaro Cunqueiro, que de non remedialo pode converterse nun vertedoiro incontrolado de residuos e malezas.

Para cando pensa o goberno limpar e acondicionar os ditos lugares.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que entende pola localización que se fai na pregunta cales son as parcelas, e que non é unha canella esa que está próxima ao centro comercial, que é un soar urbano que está aínda sen desenvolver, pegado ao Opencor. O outro non é soar, forma parte duns terreos privados e vaise notificar aos propietarios para que manteñan aquilo nas condicións de ornato e salubridade que están obrigados. No caso de que non o fixeran unha vez notificado, abriríase un expediente de orde de execución e encargárase de facelo o concello con carácter subsidiario.

Don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, di que esta pregunta vén un pouco na liña de apoiar ao escrito presentado polos membros da asociación de veciños do Temple, onde parece ser que xa non é a primeira vez que a nivel particular, non como asociación, se presentan queixas polo estado no que se atopan esas parcelas.

Di que o importante é limpalo canto antes, sobre todo porque hai xente que está a convertilo xa nun vertedoiro incontrolado, depositando lixo sen control, co risco para a salubridade que iso pode supoñer para a xente que está por alí.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que está de acordo.

2ª Sobre o Regulamento de participación cidadá. Dende comezos da lexislatura leva o noso grupo esixindo algo que consideramos un pilar fundamental da democracia, que non é outra cousa que facilitar a participación dos cidadáns nas decisións que lles afectan diariamente.

Quedou sobradamente demostrado en múltiples ocasións que é necesario e urxente elaborar e poñer en funcionamento un documento destas características. Este documento como é sabido foi prometido aos grupos municipais para decembro de 2007, sen que ata o de agora saibamos nada sobre a situación do tema.

Por isto o noso grupo fai a seguinte pregunta:

Cre o concelleiro responsable que se elaborará o dito regulamento antes de que remate a lexislatura?

Don Antón Otero Domínguez manifesta que quere informar a todos os concelleiros e concelleiras que o borrador do documento está practicamente rematado, só queda por concretar o título relativo aos órganos de participación. Nunhas semanas entregarallo a todos os grupos políticos para que sexa unha ferramenta de traballo, e seguidamente tamén se presentará ás asociacións, tamén para que o teñan como ferramenta de traballo. Para ese proceso están á espera de contratar unha consultoría para que leve todo ese traballo e nuns poucos meses teñan xa o documento definitivo co consenso de todas as partes. Precisamente están agardando a que se aproben os orzamentos para poder contratar esa asesoría.

Don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, di que o seu grupo se alegra profundamente de que iso sexa así, porque máis vale tarde que nunca, e ata agora pensaban que era imposible que se presentara polo menos un borrador, un documento, que se aproximara a algo parecido a un Regulamento de participación cidadá.

Di que non é un capricho de EU-IU, senón que é unha necesidade de todo o concello e eles, dende o primeiro día, pelexaron por iso, incluso se creou unha comisión especial de Participación Cidadá, xa extinta, e seguirán apoiando calquera tipo de iniciativa que vaia nesta liña.

Por todo isto, congratúlanse de que se presente, e agardan que se aplique, porque ás veces non é só presentar a documentación, senón que se leve a cabo, e que en vindeiros anos se dote dun orzamento suficiente para que se poida desenvolver.

3ª Veciños/as de Meixigo denunciaron ante a nosa organización a perigosidade que supón para a circulación, a profundidade das cunetas da marxe esquerda da estrada de Cela en dirección San Lourenzo.

Ten previsto o goberno dar solucións ao problema?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que é un problema común a diferentes zonas, que non é só de alí. En concreto entre Cela e Meixigo vanse facer agora unha serie de actuacións en camiños transversais, unha con cargo ao plan de mellora viaria municipal e outras con cargo ao POS 2010.

Di que con base nesta pregunta encargou aos servizos técnicos que estuden a posibilidade de que, polo menos algunha das zonas que poidan parecer máis perigosas, se poidan integrar dentro dalgún deses proxectos, nas súas ampliacións. Agora queda na man dos servizos técnicos estudar esa zona e ver se é posible integralas nalgún dos proxectos a executar ao longo deste ano, senón terían que quedar para anos posteriores.

De todas maneiras di que algunha actuación cerca da zona do Corgo xa se fixo este inverno, precisamente non debido á perigosidade, senón debido á acumulación de pluviais que atascaban aquilo e inundaban a estrada principal, e nesa liña van seguir.

Conclúe dicindo que, en todo caso, manteranos informados tamén do que lles comuniquen os servizos técnicos.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que imaxina que os servizos técnicos saberán perfectamente o que teñen que facer. Di que concretamente hai dúas zonas que son máis profundas que outras, unha delas é despois do Corgo, e outra delas é pegada á polideportiva de Meixigo. Diso se queixaron os veciños, pero se se pode arranxar todo, moito mellor.

Preguntas da concelleira non adscrita presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 5877 o día 26 de abril de 2010.

1ª Veciños do Caneiro expresáronme as súas queixas polas inundacións en casas e fincas este inverno. Como pensa o grupo de goberno solucionar este problema? Ten Augas de Galicia algún proxecto para esta zona?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que hoxe mesmo estivo reunido cun grupo de veciños do Caneiro, falando deste tema e dalgún máis. O Concello de Cambre solicitou hai tempo unha obra complementaria por parte da Confederación Hidrográfica, do Ministerio, precisamente para solucionar a evacuación de pluviais, de escorrentía, que se acumulan na zona do Caneiro unha vez que se construíron e que se pecharon As Motas.

Di que levaron unha sorpresa agradable cando en agosto do ano pasado viron publicado no BOE que a Confederación Hidrográfica sacaba a licitación precisamente esa obra, unha obra de algo máis de 300.000 euros, que a maior parte se correspondía coa recollida de pluviais e co bombeo de pluviais alí no Caneiro, ademais dalgún complemento para reparación e posta en valor da fonte da telleira, e para sinalización informativa ao longo das rutas.

Di que tardaron moitísimo tempo en facer a licitación e que xa con algo de desesperación, sobre todo por parte dos veciños, viron que en decembro de 2009 por fin fixeron a adxudicación provisional da obra. Por aquelas datas, aos poucos días, técnicos da Confederación, e pensa que tamén da empresa adxudicataria, estiveron no concello, montouse unha reunión técnica para ultimar detalles, e contaban con que comezaran en calquera momento. O certo é que están no mes de abril e non dan sinais de vida e de feito unha das cuestións que acordaron cos propios veciños foi iniciar unha serie de

presións para esixir que se leve a cabo esa obra dunha vez, porque moito se temen que con tanta tardanza vai chegar o próximo inverno e van estar na mesma situación.

Conclúe dicindo que iso é o que hai, que se trata dunha obra que non está promovida polo Concello de Cambre, que é unha obra da Confederación Hidrográfica do Norte, que está xa adxudicada provisionalmente, pero que falta que fagan a adxudicación definitiva, trámite xurídico-administrativo, e que comecen a obra dunha vez, que é o que queren.

2ª En que estado se atopa a contratación do mantemento de zonas verdes que na actualidade se atopa en precario?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que cre que toda a corporación coñece, mesmo a cidadanía, que o procedemento de contratación que estaba aberto quedou deserto, así se dixo en mesa de contratación na que están representados todos os grupos, e o acordo foi volver elaborar o prego para sacalo de maneira inmediata. Neste momento, por parte dos servizos municipais estase levando a cabo a reelaboración do prego e contan con que nun prazo moi breve se poida iniciar de novo a licitación do concurso para o mantemento das zonas axardinadas do concello.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, pregunta canto tempo calculan para facelo.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que non calcula ningún tempo, que pensa que vai ser proximamente, e a instrución que dende o goberno municipal lle teñen dado aos técnicos é que o fagan canto antes, pero non lle pode aventurar unha data.

3ª Veciños da zona de Aián, están molestos e preocupados pola recente obra de seguridade viaria. Está informado o departamento responsable destas queixas?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que hai opinións para todos os gustos, e o problema é que, nesa pluralidade, non todos as reciben. Di que o departamento responsable que promoveu que se fixera ese acondicionamento da beiravía, nun tramo de 300 metros entre Aián e A Pena, en Sigrás, o que recibiu foron felicitacións e mostras de satisfacción, tendo en conta que como todo o mundo sabe o que se fixo alí non é unha beirarrúa que é unha beiravía, que é algo diferente. Os veciños de Aián, cando querían achegarse ao cruzamento da estrada de Culleredo, a coller os buses á Pena, ou mesmo ir ao bar, ou ao campo de fútbol os que viven máis abaixo, tiñan que ir polo firme da estrada, polos carrís de circulación porque era imposible, non había ningún espazo físico para moverse por fóra dela, nin malo nin bo. Neste momento habilitouse un zona de algo máis dun metro, metro e medio aproximadamente, de beiravía por onde se pode circular, nese tramo de 300 metros, sen necesidade de invadir o carril da estrada. Efectivamente non é a solución perfecta, pero foi a solución posible

que puideron adoptar de maneira urxente, e nun tempo razoablemente curto. Foi a tramitación de permisos coa administración autonómica, que é propietaria da estrada o que levou máis tempo, pero xa está rematada.

Conclúe dicindo que eles o que recibiron foron parabéns e felicitacións, nada máis.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e vinte e cinco minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Antonio Varela Saavedra

Verónica María Otero López